



## ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 80/2025, de data 29.01.2025, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OPERARIO/A MANTENIMENTO AUXILIAR SOLDADOR INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Expedientes: 2024/E001/000025; 2025/G003/000051

A través da Resolución da Alcaldía núm. 1404/2024 do 30.10.2024, rectificada pola Resolución da Alcaldía núm. 1441/2024, do 06.11.2024 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de operario/a mantemento auxiliar soldador incluída na OEP 2022, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 219, do 13.11.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOGA núm. 243, do 18.12.2024) e no *Boletín Oficial do Estado* (BOE núm. 313, do 28.12.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 17.01.2025, incluído.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sétima das reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

PERSOAS ADMITIDAS: Non constan

PERSOAS EXCLUÍDAS:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	MOTIVO EXCLUSIÓN	CELGA 3 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	PICO FEAL, VICTOR MANUEL	***8387**	3	NON	Non achega a titulación esixida. Se non achega CELGA ou titulación equivalente, deberá realizar a proba de lingua galega.
2.	MARTINEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER	***5870**	3,4,5	NON	Non achega a titulación esixida. Non achega a relación de méritos para a súa valoración na fase de concurso. Ocupa unha praza de administración especial, subescala de servizos especiais, clase: cometidos especiais. Se non achega CELGA ou titulación equivalente, deberá realizar a proba de lingua galega.

**MOTIVO DA EXCLUSIÓN:**

- 1.- Non achega instancia/solicitud consonte o Anexo I ou a dita instancia/solicitud non está asinada.
- 2.- Non achega copia do DNI, pasaporte ou documentación equivalente lexible por ambas caras ou está caducado.
- 3.- Non achega a titulación esixida: FP básica en fabricación de elementos metálicos ou aqueles outros títulos legalmente equivalentes.
- 4.- Non achega a relación dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso.
- 5.- Non ocupa unha praza de administración especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, agrupación profesional



**SEGUNDO.-** Outorgar un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas aspirantes poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base sétima e co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 30.01.2025 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.  
F:  
P:  
150  
360  
0-G